

Hola! Esta semana faremos actividades diferentes para cada grupo. Como sempre podedes empregar os materiais que queirades e dos que dispoñades na casa. Como máis vos guste!

Data de entrega: 24/05/2020

Podedes enviar as actividades ou calquera dubida a lucia.varela@edu.xunta.gal ou lucia.varela@edu.xunta.es

Actividade Educación Infantil

O 15 de maio celebrouse o días das familias. Como sabedes a familia de Xesús estaba formada pola Virxe María, a súa mamá, e San Xosé, o seu papá. Ademais, sabemos o nome dos seu avós maternos, Santa Ana e San Xaquín. O nome dos seus avós paternos non aparece na Biblia e non podemos saber como se chamaban.

Esta semana propoñovos facer un debuxo da vosa familia compartindo un momento da vosa vida cotiá.

Actividades Primaria

Unha comunidade é un grupo de persoas que se xuntan cun obxectivo común. Nos formamos parte da comunidade cristiá dende o momento en que somos bautizados. Como membros de esa comunidade reunímonos na Igrexa para escoitar a palabra de Deus e participar no sacramento da Eucaristía. A Igrexa é a familia dos fillos de Deus, e quen nos une é o Espírito Santo

- Actividades para PRIMEIRO

A igrexa é a casa de Deus e alí reunímonos con ÉL, para celebrar o sacramento da Eucaristía e escoitar a súa palabra. Fai un debuxo da igrexa da túa parroquia ou outra que coñezas, podes incluír no mesmo a túa familia e outros membros da comunidade cristiá. Escribe o nome dela e o ano de construción da mesma.

- Actividade para SEGUNDO

Para formar parte da comunidade cristiá e preciso recibir o sacramento do bautismo. Este é un rito no que cobran importancia uns determinados símbolos como a auga. ¿qué outros símbolos forman parte deste sacramento? Debuxa e explica os símbolos do bautismo.

- **Actividade para TERCEIRO**

O Espírito Santo é unha das persoas divinas que forma a Santísima Trindade. Ao longo da Biblia manifestase en numerosas ocasións, unha delas foi durante o bautizo de Xesús. Lee o seguinte texto e identifica en que forma se manifesta o Espírito Santo o día do bautismo de Xesús. Fai un debuxo desa manifestación.

Evanxeo Mc 1, 7-11

Ti es o meu Fillo amado, en ti me comprazo

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Naquel tempo, Xoán proclamaba:

- Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, perante quen non son digno de prostrarme para lle desatar os amallós do seu calzado. Eu bauticeivos con auga, pero el havos bautizar no Espírito Santo.

E aconteceu por aqueles días que chegou Xesús desde Nazaré de Galilea, e Xoán bautizouno no Xordán.

E de seguida, mentres saía da auga, viu abrirse o ceo e baixar sobre el, coma unha pomba, o Espírito Santo. E unha voz deixouse oír desde o ceo:

- Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto.

- **Actividade para CUARTO**

O sacramento da eucaristía consiste na comunión dos fieis a Xesucristo ao tomar o seu corpo e o seu sangue. Tamén se chama eucaristía a cerimonia na que se imparte este sacramento. Durante o celebración do sacramento da Eucaristía hai dous elementos fundamentais que representan o corpo e o sangue de Xesús. Debuxa e explica os símbolos que forman parte da celebración da Eucaristía.

- **Actividade para QUINTO e SEXTO**

A eucaristía é unha cerimonia que se instituíu durante a última cea que celebrou Xesús cos seus discípulos. Buscade Mt 26:17-30 ou Lc 22:7-23 e identificade a relación entre os símbolos da eucaristía e a última cea. Facede un debuxo e explicade a relación entre eles coas vosas palabras.